



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)**, deseñada pola Xunta de Galicia para **guiar a política de I+D+i no período 2014-2020** e que mobilizará máis de **1.600 millóns de euros** de capital público e privado, mereceu a cualificación de “excelente” por parte do comisario europeo de Política Rexional, Johannes Hahn, no marco do acto de presentación pública celebrado o pasado martes.

A este evento, que tivo lugar no Auditorio Novagalicia Banco en Santiago de Compostela, **asistiron**, ademais do comisario europeo, a **secretaria de Estado de I+D+i, Carmen Vela, o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde**. Todos eles destacaron o carácter participativo e colaborativo do traballo desenvolvido até o momento –que contou coa participación de máis de 240 axentes do Sistema Galego de Innovación- e chamaron á implicación de todos os actores a partir de agora, na execución da Estratexia, para acadar con éxito os retos marcados.

Se queres ter unha visión rápida da Estratexia podes acceder ao **folleto-resumo** que se distribuiu na xornada a través do seguinte [enlace](#). Ademais, podes visionar os **vídeos** descritivos de cada un **dos tres retos** definidos por Galicia (a xestión innovadora dos recursos naturais e patrimoniais; a mellora da competitividade e a diversificación da industria; e o logro dunha posición de liderado en vida saudable e envellecemento activo) na [páxina web da RIS3 de Galicia](#).

Se prefires profundizar na RIS3 de Galicia, podes ler e descargar o **documento completo** no seguinte [enlace](#), navegar pola [web da RIS3](#), onde puntualmente seguiremos informando sobre todo o relacionado coa Estratexia, ou acceder á [sección sobre a RIS3 na web da Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!